



CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira nun monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
MANUEL CASTEDO TORRES	POLÍGONO 103 PARCELA 31	MANÁN SAN COSME

O Corgo, 19 de novembro de 2025.- O alcalde, Felipe Labrada Reiña.

R. 3291

LUGO

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Arquitecto/a Técnico/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2023), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO:

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 8 de maio de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 6/200 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

- Polo Decreto N^o: 4886/2024 do 24/05/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 134, de 11 de xuño de 2024.

- Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número número 149, de 2 de agosto de 2024.

- O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 47, do 24 de febreiro de 2025.

- Con data do 25 de marzo de 2025 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto N^o 5741/2025 do 10/06/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto N^o: 4886/2024 do 24/05/2024 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 145 , do 26 de xuño de 2025.

- Con data do 10 de xullo de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas.
- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 11 de novembro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Único.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023 foron publicadas as "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, figurando na súa base **DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

No caso de procesos selectivos de quenda libre, rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

(...)

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."

Por todo o anteriormente exposto, en base ás atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e Nome	DNI
ABELLEIRA SANCHEZ, PATRICIA	***4688**
ALDAO ALONSO, MARIA VANESA	***1291**
CAMESELLE SOUTO, OSCAR	***4200**
CARBAJOSA LOPEZ, ANGEL	***4174**
CASTRO DEVESA, MARIA BELEN	***1896**
DIAZ ANOETA, ALEJANDRO	***7246**
DURAN RIVAS, YAGO	***8175**
GOMEZ SENANDE, DIEGO	***5171**
GONZALEZ AGUIAR, MONICA	***7042**
LOPEZ REAL, MANUEL ANGEL	***1943**

MUÑIZ FERNANDEZ,RUBEN	***0615**
NOVO CHANTRES, CELSO	***5886**
PIÑEIRO NUNES, EVA MARIA	***6452**
QUERENTES OTERO, OSCAR	***8946**

EXCLUÍDOS/AS

NINGUÉN

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 11 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 3292

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. dona Ana M^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Oficial cociñeiro/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2023), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 16/76 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023)
- Polo Decreto Nº: 2510/2024 do 19/03/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 088, de 16 de abril de 2024.

Foi publicado extracto de dita convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número número 99, de 23 de maio de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto SÉTIMO de dito acordo:

SÉTIMO.- Rectificar o Acordo 16/76 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 28 de febreiro de 2024, de xeito que onde di: “Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.” debe dicir: “Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

- O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" núm. 147, do 18 de xuño de 2024.

- Con data do 16 de xullo de 2024 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 5748/2025 do 10/06/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2510/2024 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023)

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 145 , do 26 de xuño do 2025.

- Con data do 10 de xullo de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 11 de novembro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023 foron publicadas as "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, figurando na súa base **DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS:**

No caso de procesos selectivos de quenda libre, rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

(...)

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior."

Por todo o anteriormente exposto, en base ás atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS

Apelidos e Nome	DNI
ABELAIRAS VAZQUEZ, MARIA ISABEL	***4357**
ADRIO MOURIZ, ALBA	***4558**
FERNANDEZ ABEL, DAVID	***6029**

LOPEZ GAGO, VICTOR MANUEL	***7943**
PAZ SANCHEZ, RUBEN	***4402**
PRADO LIÑEIRA, GUADALUPE	***3795**
SOUTO CARBALLIDO, CARLOS JOSE	***2322**
TRILLO LADO, SERGIO	***0638**
VAZQUEZ RODRIGUEZ, PAMELA	***3737**

EXCLUÍDOS/AS

Apellidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
OTERO GANDOY, ISIS	***5575**	(1)

(1): Non aportar Carné de manipulador de alimentos

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 11 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.ª González Abelleira.

R. 3293

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Oficial Cociñeiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2021), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- Visto o acordo 10/759 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2021.

- Visto o acordo 15/56 BASES ESPECIFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - subgrupo C2), EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2021) adoptado pola Xunta de Goberno Local o 21 de febreiro de 2024.

- Visto o acordo 11/163 RECTIFICACIÓN DO ACORDO 15/56 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - SUBGRUPO C2) EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2021), ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 21 DE FEBREIRO DE 2024, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10 de abril de 2024.

- Polo DECRETO Nº 3614/2024 do 19/04/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OPE 2021), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 21 de febreiro de 2024 e rectificadas na sesión do 10 de abril de 2024.

Dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 097 do 26 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» número 120, do 21 de xuño de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto TERCEIRO de dito acordo:

“TERCEIRO.- Rectificar o Acordo 15/56 BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - subgrupo C2), EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2021) adoptado pola Xunta de Goberno Local o 21 de febreiro de 2024 e rectificado polo Acordo 11/163 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 10 de abril de 2024, de xeito que onde di:

“Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

debe dicir: “Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 312, do 27 de decembro de 2024.

- Con data do 28 de xaneiro de 2025 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 4763/2025 do 16/05/2024 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 3614/2024 para o proceso selectivo para o acceso en propiedade a UNHA PRAZA DE OFICIAL COCIÑEIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (GRUPO C - subgrupo C2), EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2021)

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 119 , do 27 de maio do 2025.

- Con data do 10 de xuño de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Informe do Servizo de Persoal de data 15 de maio de 2025, do cumprimento de requisitos dos aspirantes no proceso selectivo.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 11 de novembro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Novembro de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria segundo as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 3614/2024 do 19/04/2024 para o acceso en propiedade a unha

praza de Oficial Cociñeiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2021), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e Nome	DNI
LOPEZ LOPEZ, LUZ DIVINA	***1631**

EXCLUÍDOS/AS:

NINGUÉN

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 11 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 3294

Anuncio

DECRETO

Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente en relación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 praza de Ordenanza pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2022), e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2024, adoptou, entre outros, o acordo 10/144 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE ORDENANZA PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2022) E TRES EN QUENDA LIBRE (1 OEP 2022 e 2 OEP 2023).

- Polo Decreto N^o: 2946/2024 de data 03/04/2024 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso a catro prazas de Ordenanza pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2022), e tres en quenda libre (1 OEP 2022 e 2 OEP 2023).

Dito decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 97, do 26 de abril de 2023, extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 120, de 21 de xuño de 2024.

- A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2024 adoptou, entre outros, o acordo 7/184 RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS, figurando no punto VIXÉSIMO SEGUNDO de dito acordo:

“VIXÉSIMO SEGUNDO.- Rectificar o Acordo 10/144 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 4 PRAZAS DE ORDENANZA PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, 1 DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2022), E 3 EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (1 DA OEP 2022 E 2 DA OEP 2023), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 27 de marzo de 2024, de xeito que onde di:

“Secretaria/o: un funcionario/a do grupo A1 ou A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a por resolución da Alcaldía entre aqueles/as que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico.”

debe dicir:

“Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo núm. 125 de 31 de maio de 2024. Sendo publicados os correspondentes anuncios no DOG número 134, de 11 de xullo de 2024 e no BOE núm. 227 do 19 de setembro de 2024.

O anuncio para proveer as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 46 do 22 de febreiro de 2025.

Con data do 24 de marzo de 2025 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Polo Decreto Nº 5407/2025 do 03/06/2025 resolveuse aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 2946/2024 para o acceso en propiedade 1 PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2022).

Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo número 138 , do 18 de xuño do 2025.

- Con data do 2 de xullo de 2025 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Informe proposta da Xefa de Sección de Organización de Recursos Humanos de data 11 de novembro de 2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. número 099, do 2 de maio de 2017 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (no BOP de Lugo número 274, do 29 de novembro de 2018 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais), figurando na súa base DUODÉCIMA.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS

“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Por todo o anteriormente exposto, segundo as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 2946/2024 de data 03/04/2024, no que se refire a 1 praza de Ordenanza pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2022), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS:

Apelidos e Nome	DNI
BARRIO CARBALLO, JOSE MANUEL	***4359**
BELLO GONZALEZ, BRAIS	***8303**
BURGO VARELA, TANIA MARIA	***3756**
CARBALLEIRA FERNANDEZ, JOSE MANUEL	***4675**
DEIBE SUAREZ, IRIA	***5152**
DE SAN JUAN BENITO, FRANCISCO JAVIER	***5641**

DIAZ GRANDA, MARCO ANTONIO	***3414**
FERNANDEZ VEIGA, MARIA ISABEL	***2898**
LAMAS ARES, MARIA ISABEL	***3628**
MARRONE SANCHEZ, KEISHA	***2248**
MARTINEZ RODRIGUEZ, HUGO	***8863**
MORENO DA COSTA, PATRICIA	***3838**
NUÑEZ NUÑEZ, MARIA TERESA	***3543**
RODRIGUEZ NUÑEZ, JUAN CARLOS	***2883**
RODRIGUEZ POLLAN, MARIA ALMUDENA	***2992**
RODRIGUEZ VALCARCEL, MARCOS	***8047**
SANCHEZ ABELAIRA, JOSE	***4410**
SEIJAS RODRIGUEZ, PAUL	***4660**
VALIÑA PENA, MANUEL BARUC	***4042**

EXCLUÍDOS/AS:

Apellidos e Nome	DNI	Motivo de Exclusión
ANDION PENA, NANCY	***4822**	(1)
BARGUEIRAS VAZQUEZ, CAMILO JOSE	***3581**	(1), (2), (3)
BLANCO GARCIA, NURIA	***3758**	(1)
GONZALEZ GOMEZ, LUCIA	***7121**	(1), (2), (4)
VARELA CARREIRA, MARCOS	***4315**	(1), (2), (3), (4)
VAZQUEZ FERNANDEZ, ANGEL	***3900**	(1), (3), (4)

(1) Non aportar certificado válido expedido polo órgano competente ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza.

(2) Non aportar Certificado de Delitos de Naturaleza Sexual.

(3) Non aportar certificación do órgano competente que acredite a condición de persoa con discapacidade.

(4) Non aportar DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 11 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.ª González Abelleira.

R. 3295

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

Aprobado inicialmente o Regulamento municipal de honras e distincións do Concello da Pobra do Brollón, por Acordo do Pleno de data 17 de outubro de 2025, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* para que poida ser examinado o expediente e presentar as reclamacións e/ou alegacións que se estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello.

<https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Acordo de aprobación do mencionado Regulamento.

A Pobra do Brollón, 19 de novembro de 2025.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3296

RÁBADE*Anuncio*

1.- Por resolución de Alcaldía de data 17/11/2025, modificouse o acordo de nomeamento de Tenentes de Alcalde do Concello de Rábade, transcribíndose a continuación na súa parte dispositiva, o cal se publica no BOP en cumprimento do artigo 46.1 do ROF:

DECRETO DA ALCALDÍA. Rábade, a 17 de novembro de 2025.

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE.

D^a. Remedios González Cabarcos, Alcaldesa do Concello de Rábade.

Visto o cese de D. Jose Luis Novo Teijeiro como Concelleiro desta corporación municipal así como a toma de posesión de D. Juan Baroja Ortiz, que se fixo efectiva no pleno ordinario celebrado por este Concello a 12 de novembro actual.

De conformidade cás facultades e atribucións que me son conferidas polo art. 46 do R.D 2568/86 de 28 de novembro, por o que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDO:

Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros:

Primeira Tenente de Alcalde: D^a. Maria Pilar Dapena González.

Segundo Tenente de Alcalde: D. Carlos Ramón González Cabarcos.

Terceira Tenente de Alcalde: D^a. Sandra Novo Penas.

Cuarto Tenente de Alcalde: D. Juan Baroja Ortiz.

Os Tenentes de Alcaldes, como tales, correspóndelles substituír na totalidade das súas funcións e por a orde do seu nomeamento, o Alcalde nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como o desempeño de funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía hasta que tome posesión o novo Alcalde.

Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente ao designado e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución consonte se indica na vixente lexislación.

2.- Por resolución de Alcaldía de data 17/11/2025, modificouse o réxime de delegacións da Alcaldía a favor de Concelleiros que se transcribe a continuación, na súa parte dispositiva, e se publica no BOP en cumprimento dos artigos 114 a 116 do ROF, e 9 da Lei 40/2015:

DECRETO DA ALCALDÍA. Rábade, a 17 de novembro de 2025.

ASUNTO: DELEGACIÓN DE ATRIBUCIONS.

D^a. Remedios González Cabarcos, Alcaldesa do Concello de Rábade.

Visto o cese de D. Jose Luis Novo Teijeiro como Concelleiro desta corporación municipal así como a toma de posesión de D. Juan Baroja Ortiz, que se fixo efectiva no pleno ordinario celebrado por este Concello a 12 de novembro actual.

De conformidade coas facultades e as atribucións que me son conferidas polos artigos 43 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

ACORDO:

1. Que sen prexuízo das delegacións e atribucións que ocasionalmente se poidan realizar, realizaranse as delegacións que a continuación de detallan nos seguintes Concelleiros:

Na Concelleira D^a. María Pilar Dapena González: sanidade, servizos sociais e igualdade.

Na Concelleira D^a. Sandra Novo Penas: familia, formación e emprego.

No Concelleiro D. Carlos Ramón González Cabarcos: xuventude e deportes, medio ambiente, infraestruturas urbanas e festas populares.

No Concelleiro D. Juan Baroja Ortiz: economía e facenda, persoal, réxime interno e relacións coas institucións.

As anteriores delegacións abarcan a facultade de dirección dos servizos, así como a súa xestión quedando excluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, salvo que para casos concretos se realice a oportuna delegación específica.

As competencias en áreas non delegadas expresamente manteranse baixo a responsabilidade da Alcaldía-presidencia e nomeadamente as de educación e cultura, urbanismo e vivenda.

2º.- As presentes delegacións surtirán efectos dende o día seguinte á data da presente resolución, previa aceptación dos interesados nos termos do artigo 114.

3º.- Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

4º.- Ademais notificárase persoalmente aos interesados e publicarase no B.O.P. sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

Rábade, 18 de novembro de 2025.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3297

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 13 de novembro **de 2025** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de outubro de 2025**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 13 de novembro de 2025.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 3298

XERMADE

Anuncio

Publicación da listaxe de aspirantes que superaron o proceso de selección de persoal funcionario para a cobertura dunha praza de auxiliar de biblioteca. Expte. 698/2024.

Faise pública a parte dispositiva do Decreto da Alcaldía núm. 2025-0592 de data 21/11/2025, que se transcribe literalmente:

“Primeiro.- Tomar coñecemento da proposta de nomeamento como funcionaria de carreira da aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo de persoal funcionario para a cobertura dunha praza de auxiliar de biblioteca:

Orde	Aspirante	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Cualificación final
1º	Pardo Vila, Laura María	13,9	13,3	47	74,2

Segundo.- Requirir á aspirante proposta para o seu nomeamento como funcionaria de carreira para que achegue, dentro do prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas no Boletín Oficial da Provincia, os documentos esixidos na base undécima.

Terceiro.- Tomar coñecemento da relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada no proceso selectivo, daqueles aspirantes que superaron todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición, aos efectos do disposto na cláusula décima:

Orde	Aspirante	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Cualificación final
2º	Alonso Domínguez, Miriam	13,8	12,5	42,64	68,94
3º	Lamelas Ramos, Ainhoa	13	12	41,9	66,9
4º	Saavedra Blanco, Marcos	11,4	10,4	32,12	53,92

Cuarto.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da sede electrónica para os efectos oportunos.”

Xermade, 24 de novembro de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3328

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **07/11/2025**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o/a xuíz/a de paz titular e/ou substituto/a dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, nomeamento/s que se fai/fan directamente entre os participantes no concurso que para cubrir tal/es praza/s convocou últimamente esta Sala de Goberno tendo en conta que o/s respectivo/s Concello/s non elixiu/elixiron no seu día ningunha persoa para o desempeño do/s cargo/s.

NEGUEIRA DE MUÑIZ: titular: JORGE MARTÍNEZ MORATO. DNI 34*338G.**

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso ordinario perante o Consello Xeral do Poder Xudicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edito.

Os/as nomeados/as deberán tomar posesión, na oficina xudicial no municipio para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o/a xuíz/a do tribunal de instancia respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Judicial.

Aqueles/as xuíces/xuizas de paz nomeados, que estean incursos nalgunha incompatibilidade, deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 12 de novembro de 2025.- O SECRETARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 3299

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XERMADE

Anuncio

CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2025

BDNS (Identif.): 870065

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/870065>)

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 19/11/2025, acordou, entre outros, o seguinte:

“Solicitude de participación no certame de poesía infantil “Nadal 2025”. Expte. 838/2025.

Visto o certame de poesía infantil “Nadal 2025”, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

Respecto da adhesión na fase local, as bases literalmente din:

“CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2025”

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE XERMADE, convoca o CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2025” (Fase local), de acordo coas seguintes BASES:

Participantes: pode participar calquera neno ou nena, rapaz ou rapaza ata os 16 anos.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B, de 9 a 11 anos; e C, de 12 a 16 anos.

Tema: o Nadal.

Língua: os poemas estarán redactados en galego.

Extensión: terán unha extensión máxima dun folio por unha soa cara. Poderán presentarse escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis.

Identificación dos autores: cada autora ou autor poderá presentar cantos traballos desexa con cadansúa folla de datos cumprimentada en letra maiúscula lexible. Os datos identificadores irán nesta folla de datos, nunca no traballo presentado.

Prazos: O prazo de presentación rematará o 19 de decembro de 2025 debendo ser entregados na BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL.

Xurado: un xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará para cada categoría os traballos gañadores. Os autores premiados recibirán un DIPLOMA ACREDITATIVO E LOTE DE LIBROS.

Fallo: o fallo do xurado local farase público no mes de xaneiro do 2026.

Fase provincial: Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

Propiedade dos traballos: os traballos premiados serán propiedade da Biblioteca Pública de Lugo que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

A Biblioteca publicará cada ano un libroño conmemorativo que recollerá os traballos premiados o ano anterior.

Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

A presentación de obras a este certame supón a aceptación das presentes bases”

Sendo de interese para a biblioteca municipal de Xermade participar neste certame, tal como ven facendo nos últimos anos.

Consta proposta de gasto para a adquisición de lotes de libros, por importe de 225,00 euros, así como documento contable de retención de crédito nº 3293 na aplicación orzamentaria 321 48 do exercicio 2025.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións (apartado d), mediante Decreto núm. 2023-0286 (BOP nº 157 do 10/07/2023), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Solicitar a participación da biblioteca municipal de Xermade no certame de poesía infantil “Nadal 2025” convocado pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Segundo.- Designar como membros do xurado as seguintes persoas:

- Presidenta: Dona Nélide Coira Pena, concelleira de Benestar Social, Igualdade e Participación Cidadá do Concello de Xermade

- Vogais:

1º Dona Lucía Guizán Trastoy, educadora familiar do Concello de Xermade

2º Don Rubén López Eiras, director do CEIP de Xermade

3º Dona Sandra de Bernardo Eimil, concelleira do Partido Popular de Xermade

- Secretario: Don Marcos Saavedra Blanco, auxiliar de biblioteca do Concello de Xermade

Terceiro.- A inscrición realizarase cubrindo a seguinte folla de datos persoais:

"FOLLA DE DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:

Idade:

Enderezo:

Centro de estudos:

Curso:

Teléfono de contacto:

PERSOA RESPONSABLE

Nome e apelidos:

Documento de identidade:

AUTORIZANDO

ao Concello de Xermade, con CIF P2702100E, a consultar as débedas ou liquidacións pendentes con este Concello, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Xermade, _____ de 2025"

Xermade, na data da sinatura dixital."

*NOTA: A todos os efectos, en caso de erro, terá prioridade o texto publicado na lingua cooficial.

Xermade, 20 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, Roberto García Pernas.

R. 3300

Anuncio

VI Concurso decoración Nadal 2025 e convocatoria

BDNS (Identif.): 870071

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/870071>)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 19/11/2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Aprobación das bases do VI Concurso decoración Nadal 2025 e convocatoria. Expte. 842/2025.

Establécense as bases reguladoras do VI Concurso decoración Nadal 2025, baixo o réxime de concorrencia competitiva, propostas pola educadora familiar Lucía Guizán Trastoy en data 17/11/2025, que se transcriben literalmente:

"PROPOSTA DE BASES DO VI CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL

O Concello de Xermade convida a toda a veciñanza a participar nun concurso de decoración de Nadal, co fin de dinamizar a participación activa da cidadanía, fomentando a súa creatividade, e incentivando a ilusión das máis pequenas e pequenos.

Aquelas persoas que queiran participar deben seguir as presentes bases do concurso:

Primeira.- Categorias e participantes:

As categorías do concurso serán:

Vivendas: Árbore de Nadal

Vivendas: Nacemento/Belén

Vivendas: Decoración xeral interior

Vivendas: Decoración exterior

Establecementos comerciais e Locais e/ou exteriores de Asociacións veciñais: Decoración xeral

Na participación por vivendas, a inscrición debe facerse a nome dunha persoa empadroadada en dita vivenda do concello. Unha mesma vivenda pode escoller participar nas categorías 1), 2), 3), e/ou 4), máximo a catro categorías, mínimo de unha.

Na participación por negocio, a inscrición será a nome da persoa titular do mesmo, e da asociación, dunha persoa da Xunta Directiva. A participación de negocios e asociacións será exclusivamente na categoría a).

Segunda. Temática

O tema do concurso será a festividade do Nadal, os motivos tradicionais da mesma, tendo as persoas participantes plena liberdade no referente a técnicas e estilos.

Terceira.- Criterios de valoración

Dentro dos criterios xenéricos terase en conta a creatividade, orixinalidade e o vistoso do conxunto. Tamén se valorará o uso de materiais naturais e reciclados, así como a introdución na decoración de elementos representativos do Concello de Xermade.

O xurado pode considerar deserta unha categoría se valora que as propostas non reúnen calidade suficiente para ser merecedoras do premio.

Cuarta.- Inscrición

A data de inscrición estará aberta desde a publicación destas bases ata o 19 de decembro ás 14.00 horas.

Para facela efectiva, será necesario enviar por e-mail (educadora.familiar@xermade.org) ou por Whatsapp (678 744 178):

Categorías 1), 2), 3), e 4): nome, número de DNI e dirección postal da persoa representante (empadroadada no concello) con 4 fotografías* por cada categoría á que se presenten.

Categoría a): o nome do establecemento ou asociación, nome da persoa propietaria do mesmo ou da persoa da xunta directiva, número de DNI, dirección postal do negocio ou do local da asociación e 4 fotografías* da decoración de Nadal escollida para participar.

As persoas que o estimen oportuno, poderán enviar tamén un texto cun breve resumo (máximo 60 palabras) de aspectos que considere importantes e non se aprecien ben nas fotos sobre o proceso de elaboración ou elementos da decoración.

*As fotografías enviadas poderán ser expostas na web e redes sociais do Concello de Xermade. Non se aceptan colaxes.

O xurado estará formado polas seguintes persoas:

Presidente: Dona Verónica Amarelo Morado, Concelleira de Educación, Cultura, Deportes e Xuventude do Concello de Xermade.

1º Dona Pilar Otero Combarro, decoradora e xerente de Fiodecor Decoración- Interiorismo (Vilalba).

2º Don Antonio Riveira Requeijo, Concelleiro do Partido Popular de Xermade.

3º Don José Prieto Barro, Concelleiro de Medio rural, Emprego, Medio ambiente e Servizos do Concello de Xermade.

Secretaria: Dona Lucía Guizán Trastoy, Educadora familiar do Concello de Xermade.

O fallo do xurado e a entrega de premios levarase a cabo nos dez últimos días de decembro.

Sexta.- Premios

O premio por cada categoría será unha cesta valorada en 130 €, conformada por produtos de alimentación e un vale para carburante.

En caso de quedar deserta algunha das categorías, poderase trasladar un segundo premio a calquera das demais.

En caso de empate nas votacións, desempatará o voto dobre da persoa especialista da materia, neste caso, a primeira vogal.

Un mesmo domicilio non pode ser premiado en dúas categorías. De darse esta situación, o premio pasará á seguinte vivenda premiada.

Da decisión do xurado realizarase unha acta na que se incluírán o número de propostas presentadas, así como as persoas premiadas por cada unha das cinco categorías (catro de vivendas e unha de negocios/asociacións).

Existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 338.48 do vixente orzamento de gastos por importe de 650,00 euros para facer fronte ao presente gasto.

Sétima.- Datos de carácter persoal

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Xermade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

Oitava.- Aceptación

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros.

O incumprimento das bases suporá a descualificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

En Xermade, na data da sinatura dixital.

A Educadora familiar

Lucía Guizán Trastoy"

Xermade, 20 de novembro de 2025.- O alcalde-presidente, Roberto García Pernas.

R. 3301
